



Queremos recuperar poder adquisitivo: non ás absorcións

Este mes de xullo aboarannos un cuarto de paga de beneficios en aplicación do Convenio Colectivo de Banca (CCB), pero a Dirección do banco anunciou a súa pretensión de ABSORBELO, como xa fixeron co cuarto de paga de beneficios que incrementamos o ano pasado e mais o anterior.

A aplicación do SAA levada a termo en febreiro supúxolle ao cadro de persoal diferentes incrementos salariais: un importante colectivo percibiu un 2,5%; outros percibiron porcentaxes superiores e outro colectivo, NADA. É importante saber que os incrementos que derivan da estrita aplicación do CCB para 2007 supoñen unha media de aumento do 5,55%, que provén dos seguintes conceptos:

- 1) Incremento das táboas salariais do CCB: 2,75%
- 2) Cuarto de paga de beneficios (para aboar na nómina de xullo, art. 18 CCB): 1,40% (de media)
- 3) Cuarto de paga de produtividade (para aboar na nómina de agosto, art. 19 CCB): 1,40% (de media)

Desde 2005, a media de incrementos aplicados ao persoal polo SAA foi, nunha alta porcentaxe, igual ou inferior á que nos correspondía por CCB. Nos anos 2005 e 2006, ademais do aumento das táboas salariais previsto no CCB, tivemos incrementos de pagas de beneficios (art. 18), polo que a media de aumento salarial por aplicación do CCB foi do 4,25% no 2005 e 4,05% no 2006 (na marxe dos incrementos de trienios de cada persoa). O feito de que o SAA estea por debaixo destes crecementos mediante absorcións de SAA de exercicios anteriores provocou unha perda continuada de poder adquisitivo. Que cada empregado comprobe o seu SAA de 2005, 2006 e 2007: se é inferior ou igual ao legalmente esixible, que non che digan que te están incentivando, só che están pagando o que marca a lei.

Banco Sabadell obtén uns espectaculares beneficios e compensa xenerosamente a súa Alta Dirección; cómpre que compense tamén a todas as persoas que traballamos no grupo, incluídos os compañeiros procedentes do Banco Urquijo. Esiximos que NON ABSORBAN OS INCREMENTOS DE CONVENIO.

QUEREMOS RECUPERAR PODER ADQUISITIVO: NON ÁS ABSORCIÓNS

Pedímosche o teu apoio para esta campaña. Le a carta reproducida ao dorso e que enviamos o pasado 9 de xullo ao presidente do banco e, se estás de acordo, asina e remíténola a:

Sr. Josep Oliu

Presidente de Banco Sabadell

Señor Presidente:

Os resultados obtidos pola entidade no exercicio anterior e neste trimestre son magníficos, e a traxectoria segue sendo de crecemento e consolidación continua. Pola contra, durante os últimos anos, a política salarial, xestionada a través do SAA, foi de contención e austeridade, absorbendo, en gran medida, os incrementos derivados do CCB. Isto, xunto co feito de que na nosa empresa a media de salario de convenio é inferior á da banca en xeral, provoca que os empregados e as empregadas perdamos cada ano poder adquisitivo no canto de melloralo, como sería o lóxico a teor dos beneficios que obtén a empresa.

Este ano, a aplicación do CCB no Sabadell supón de media un incremento do 5,55% e solicitamos que o devandito incremento se aplique SEN ABSORCIÓNS, petición que inclúe a NON absorción do incremento do ¼ de paga de beneficios que se aboará este mes e do ¼ de paga de produtividade acordado no CCB asinado este ano. Así mesmo, rogamos que os incrementos de pagas de beneficios se aboen a todo o persoal do grupo, sen excluír os compañeiros non homologados procedentes de Banco Urquijo.

Nós tamén queremos ser partícipes da “boa saúde” e mellora continua de beneficios que ten o Grupo Banco de Sabadell.

Atentamente,